

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

3 de xullo de 2025

Duración:

Desde as 19:09 ata as 20:44

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

Gonzalo Louzao Dono

Secretaria:

María Jesusa Fernandez Bascuas

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	NON
	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	NON
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ



	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VALENTÍN TORRADO BLANCO (soporte informático)	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Diego Pernas Fernandez: «Permiso de paternidade»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE XUÑO DE 2025

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de xuño de 2025, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 7531/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA Nº 10 DA TAXA DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE LIXO

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 15, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Feitos e fundamentos de dereito:

Visto o Acordo de Delegación do Pleno da Deputación de Pontevedra polo que se leva a cabo a delegación do Concello da Estrada na Deputación Provincial das facultades de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión en voluntaria e executiva de, entre outras taxas, a regulada na Ordenanza nº 10 denominada Ordenanza fiscal reguladora da





taxa de recollida e tratamento de lixo.

Logo de ver que existen determinados extremos da Ordenanza, en concreto o artigo 6 denominado cota tributaria, onde o seu apartado 4º precisa de modificación, sen que repercuta nas tarifas, para a súa mellor e adecuada xestión recadatoria, dado que a redacción actual provoca na práctica problemas na delimitación das zonas.

Polo tanto, tendo en conta o establecido nos artigos 15 e seguintes do Texto refundido de la Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, propónse polo concelleiro delegado de Facenda modificar o artigo 6, apartado 4º, da Ordenanza fiscal reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo, de xeito que:

Onde di:

ARTIGO 6 COTA TRIBUTARIA

"... 4. Para os efectos da aplicación deste artigo, considerarase como zona urbana aquela onde o servizo se presta con carácter habitual os días laborables, e como zona rural aquela onde exista un contedor de lixo nun radio de cen metros contados a partir de calquera punto do inmovible da vivenda ou no que se desenvolva a actividade..."

Debe dicir:

ARTIGO 6 COTA TRIBUTARIA

"... 4. Para os efectos da aplicación deste artigo, considerarase como zona urbana aquela onde o servizo se presta con carácter habitual os días laborables, e zona rural o resto..."

Visto o informe de Tesourería de 9 de maio de 2025, que informa que considera a proposta do concelleiro delegado de Facenda tecnicamente viable e informa favorablemente a modificación da Ordenanza fiscal nº 10, reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo, manifestando a necesidade imperiosa de modificar por imperativo legal a redacción completa da dita Ordenanza, de acordo coa Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

Visto o informe favorable de Secretaría de data 16 de maio de 2025.

Visto o informe favorable da Intervención municipal, emitido o 19 de maio de 2025.

Visto o sinalado no artigo 22.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2025/1128 de 17 de xuño de 2025, emitida polo concelleiro delegado de Facenda.

Visto o ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o 24 de xuño de 2025.





Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, polos votos a favor dos grupos do PP, BNG e Mixto, e a abstención do PSdeG-PSOE, os seguintes **ACORDOS**:

Resolución:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6.4. da Ordenanza fiscal nº 10 reguladora da taxa de recollida e tratamento de lixo que quedaría redactado tal e como se transcribe a continuación:

ARTIGO 6 COTA TRIBUTARIA

“ ...

4. Para os efectos da aplicación deste artigo, considerarase como zona urbana aquela onde o servizo se presta con carácter habitual os días laborables, e zona rural o resto...”

Segundo.- Someter o expediente a trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante o seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e da Sede Electrónica desta entidade [<http://aestrada.sedelectronica.gal>], dentro do cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Terceiro.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo, con base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Cuarto.- Facultar á Alcaldía para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE XUÑO DE 2025 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 13 de xuño de 2025 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2025-0824 ao número 2025-0929 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dña. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])
- D. Manuel López Dono (DNI [REDACTED])
- José María Vázquez Caramés (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte horas e corenta e catro minutos minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-pletos.tiivii.com/2025/07/04/pleno-concello-de-a-estrada-3-de-julio-2025/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

50EFD86364B505E54DCB60E04D5DBA2A863EE6A02EF8DEFD2EE0A981A84EF2CA

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

